



10 anos facendo profesión

Nº 45 | Xaneiro de 2011 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Lisboa, 20 – baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981938274
ceesg@ceesg.org
www.ceesg.org

10 ANOS DE COLEXIO

Fai xa dez anos que se creou o noso Colexio Profesional e o certo é que, os que tivemos a sorte de vivilo dende o primeiro momento, vimos como foi medrando e superando dificultades.

Pero o Colexio ten moitos máis anos. Por dicilo dalgún xeito, tivo un longo embarazo. Un pequeno grupo de Educadoras e Educadores (con apoios, iso si, tanto en Galicia como no resto do estado) puxéronse mans á obra e viron que o xeito de que a nosa profesión evolucionase na nosa Comunidade era acadar un Colexio Profesional.

Cataluña acababa de lograr a creación do seu Colexio, o primeiro en España, e aínda que a norma diría que o seguinte sería o dunha Comunidade con máis poboación, con máis Educadoras/es sociais ou máis forte (Madrid, Andalucía, Comunidade Valenciana...), o segundo Colexio do estado foi Galicia. Erguidos, en pé e sen complexos.

Nestes dez anos de Colexio as experiencias persoais, profesionais e colexiais mestúranse ineludiblemente, porque son moitas horas dedicadas ao Ceesg: horas do noso tempo persoal; horas de risas e camaradería; horas de preocupación por tantos temas sobre a mesa, horas de reunións, horas de citas cos organismos públicos, horas organizando formación, localizando recursos,... remando, en definitiva, cara un obxectivo máis grande que os que traballamos por el: a mellora da nosa profesión, o recoñecemento dos e das profesionais da Educación Social (sempre con maiúsculas) e de intentar facer visible o que somos: UN DEREITO DA CIDADANÍA¹.

Nestes dez anos temos acadado, penso, grandes cousas. Dende o primeiro momento, sendo Xunta Xestora, decidimos que, aínda que por lei tiñamos encomendadas unhas funcións moi concretas (elaboración de estatutos, convocatoria de asemblea constituínte, proceso de habilitacións...), cremos que non podíamos estar de brazos cruzados con tantos temas que afectaban á profesión e comezamos a petar en todas as portas e Consellerías. Os centros de menores, os servizos sociais comunitarios, a modificación de convenios, o recoñecemento da nosa figura, a convocatoria de prazas de educadores/as sociais... foron dende o primeiro momento as nosas reivindicacións.

Xa recién constituídos como Colexio, logo da Xunta Xestora, lanzámonos a organizar o IV Congreso Estatal do/a Educador/a Social, que se celebrou aló polo 2004. Porque a pesares de ser un Colexio pequeno, de ter escasos e recién adquiridos recursos, poucas cousas nos amedrentaron nunca, e dixemos convencidos que Galicia tiña que comezar a ocupar o espazo que lle correspondía e ser anfitrión dos Educadores/as Sociais de todo o estado.

Tamén como Colexio temos participado en procesos e cambios importantes para a Educación Social en Galicia: a elaboración da lei de servizos sociais; o mapa galego de servizos sociais (onde se crean as denominadas unidades de Traballo e Educación Social!!); a modificación da orde de educación familiar onde se especificou que, prioritariamente, serían postos cubertos por educadores/as sociais; a elaboración dos plans formativos do Título de Grao en Educación Social da tres universidades galegas, a elabora-

ción do decreto de servizos sociais comunitarios,... e moitas cousas que teño que deixar no tinteiro por falta de espazo.

Por outra banda, a nosa forza como entidade é innegable dentro do Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES), onde ostentamos a Presidencia.

Pero tamén, nestes dez anos, é preciso recoñecer que nos quedan espiñas cravadas que non conseguimos arrincar. Se cadra a máis fonda é o Convenio Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, onde non existe a nosa categoría profesional e caemos irremediamente no saco roto da categoría “educador/a / profesor/a especial”.

Tamén nos queda aí a incorporación do noso perfil nos centros educativos. Aínda temos pendente seguir traballando coas Universidades para crear sistemas reais e axeitados para a obtención do Título de Grao dos Diplomados/as.

Pero a que si é a espiña máis grande de todas é a participación. Un Colexio constrúese entre todos/as e cada un/ha de nós, de todos e todas as Educadoras/es Sociais. Xa sexa participando activamente, na Xunta de Goberno ou nos Grupos de Traballo, ou xa sexa co simple xesto de colexiarse. ¿Sabedes a forza que nos dá ante as institucións públicas dicir que hai tantos centos ou miles de educadoras/es sociais colexiadas/os?

Estar no Colexio é importante, porque co simple feito de ser colexiado/a facemos forza e camiñamos todos cara un mesmo obxectivo: que nos recoñezan, que nos RESPECTEN, e que pensen en nós creando postos de traballo, evitando o intrusismo profesional e contando con nós para a elaboración de leis e decretos.

Dez anos xa pasaron, e chegan novas persoas e novas forzas que remarán aínda con máis forza do que o fixemos antes. Outros dez anos virán por riba e agardo que teñamos o Colexio que desexamos e que todas e todos necesitamos. Dez novos anos nos que ir arrincando todas as espiñas que nos quedan.

Por iso anímovos a todos e todas, Educadores e Educadoras Sociais, a remar na mesma dirección, a traballar coas forzas que temos, a axudar no posible ás persoas² que van ser a cara visible no Colexio na nova directiva e a animar aos educadores/as sociais que coñezades a que se colexien, a que coñezan o que temos que ofrecer e todo o que poden ofrecer como colexiados/as á profesión.

¡Outros dez anos máis, e moita máis Educación Social!

M^a José Fernández Barreiro
Presidenta do Ceesg

¹ Inicio da definición da Educación Social, recollida nos “Documentos profesionalizadores” elaborados por ASEDES e todas as entidades que a forman, Colexios e Asociacións de Educación Social.

² Persoas, si, só persoas, Educadoras e Educadores sociais de profesión, que deciden dedicar o seu tempo ao Colexio, e que fan o posible, cos tempos e recursos que teñen, para todos e todas nós.

ACTUACIONES REALIZADAS

- Reunión de Xunta de Goberno, o día 10 de xaneiro na sede do Ceesg. Entre outros asuntos, proclamouse válida a única candidatura electoral presentada ás eleccións.
- Participación na reunión do Comité Organizador Local do Foro 2010 para a realización dunha valoración colectiva dos resultados. Tivo lugar o día 11 de febreiro en Santiago de Compostela.
- Celebración do sorteo público para a elección dos membros da mesa electoral, que tivo lugar o día 18 de xaneiro na sede do Ceesg.
- Envío de achegas ao Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa. Tanto o anteproxecto como as achegas do Ceesg poden consultarse en www.ceesg.org.
- Desenvolvemento da *Presentación do Obradoiro de Masaxe Infantil*. A colexiada Belén Piñeiro impartiu unha sesión de portas abertas deste Obradoiro, na que se lle deu prioridade a persoas colexiadas. Tivo lugar o día 22 de xaneiro na sede do Ceesg.
- Celebración do Xantar de aniversario do Ceesg, que tivo lugar o día 22 de xaneiro en Santiago de Compostela.
- Nota de prensa sobre a visión do Ceesg do Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.

CELEBRACIÓN DO 10º ANIVERSARIO DO CEESG

TEATRO

11 de Febreiro | 20:30 h. | Santiago de Compostela
Arteria Noroeste (Rúa das Salvadas, 2)

- **Entrada gratuíta, previa reserva.**
- **Reserva de localidades*: 981552206 ou ceesg@ceesg.org**

* *Necesaria reserva. Faranse reservas ata completar aforo (150). Ata o 8 de febreiro terán prioridade na adjudicación de localidades as persoas colexiadas no Ceesg e o estudantado da Universidade de Santiago de Compostela (necesario acreditarlo co carné de estudante ou colexiado), podendo reservar para outra persoa acompañante.*

Organiza:



Colabora:



ARTIGO DE INTERESE

Coa que está a caer, coído que estará ben lembrar... para non esquecer, mais tamén para tomar exemplo...

2011 vai ser un ano conmemorativo: o 80 aniversario da proclamación da IIª República, o 80 aniversario do recoñecemento do dereito das mulleres ao sufraxio, os 75 anos da unidade da esquerda na Fronte Popular... e, unha vez máis, cómpre lembrar as mulleres dun xeito especial.

Libertarias, comunistas, socialistas, republicanas... todas as que contribuíron á construción da democracia e dos dereitos cidadáns, todas as que, tralo golpe fascista, defenderon a legalidade republicana, a revolución social, a liberdade.

Todas as que colleron as armas, as que apoiaron a loita desde a retagarda, as que acoubillaron as persoas que fuxían da represión. As que sostiveron a resistencia armada, no monte, na aldea ou na cidade. Guerrilleiras con e sen fusil, sen as cales sería impensábel a subsistencia do movemento. Elas agocharon, alimentaron, curaron e coidaron da xente que estaba no monte. Elas actuaron como enlaces, substituíndo os que caían. Elas fixeron posíbel a supervivencia das "toupas" durante anos e anos.

As menos delas, coñecidas polo seu nome e apelidos; as máis, anónimas. Todas arriscaron a súa liberdade e mesmo a súa vida... e moitas perdérona. Foron paseadas, fusiladas, torturadas, violadas, encarceradas, peladas, desterradas, "depuradas"...

Elas, malia a represión política e social que sufriron, souberon organizarse ás portas dos cárceres para protexerse das vexacións dos carcereiros, para axudarse e axudar a quen estaban dentro. Para as máis, era a súa primeira experiencia organizativa... e levárona adiante con moitísima dignidade.

Elas deben ser visibilizadas. O papel que xogaron tamén. A recuperación da memoria das mulleres é unha parte fundamental da recuperación da memoria histórica que, alén da abertura das fosas e das gabias (imprescindíbel, por outra parte), deberíase dirixir a investigar e dar a coñecer outros aspectos da represión política, económica, social, laboral e un longo etcétera, asemade de divulgar amplamente (comezando pola escola) o que foi e o que significou a IIª República... e se neste proceso de non se fai especial fincapé na visibilización das mulleres, estaremos, unha vez máis, tratando como igual o que é desigual e, xa que logo, incorrendo nun fallo grave contra a dignidade individual e colectiva.

Que o 2011 sexa un ano reivindicativo. Que fagamos unha boa colleita coa herdanza de quen nos precederon na loita. Que recuperemos os folgos para continuar. Que nunca esquezamos que as traballadoras e os traballadores somos as únicas e os únicos que temos capacidade para cambiar o mundo desde a base.

SAÚDE E REPÚBLICA!!!

Lola Ferreiro

FORMACIÓN CONTINUA

SEMINARIO: Avaliación de accións de Educación para o Desenvolvemento

Organiza: Coordinadora Galega de ONGD.

Datas: Do 4 ao 19 de febreiro. Venres de 16:00 a 20:00 h. e sábados de 9:30 a 14:00 e de 15:30 a 19:00 h.

Lugar: Residencia universitaria Monte da Condese, no Campus Sur da Universidade de Santiago.

Prezos:

- Membros/as das ONGD integradas na Comisión de Educación para o Desenvolvemento: gratuíto.
- Persoal das ONGD integradas na Coordinadora, estudantes e parados/as: 10 €.
- Público en xeral: 20 €.

Información e matrícula:

www.galiciasolidaria.org

III CONGRESO DO TERCEIRO SECTOR SOCIAL Sumamos valores, construímos futuro

Organiza: Taula d'Entitats del Tercer Sector Social de Catalunya.

Lugar: Barcelona.

Datas: 24 e 25 de marzo

Contido: O eixo temático do Congreso quere poñer de manifesto que o Terceiro Sector Social é un actor emerxente na sociedade, e quere reforzar os valores que lle son propios para construír un futuro con máis dereitos sociais e máis benestar.

Información y matrícula:

<http://www.congrestercersector.cat>

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Teo (A Coruña): Anuncio da oferta de emprego público. Unha praza de Orientador/a laboral. BOP 13/01/11

Concello de Coristanco (A Coruña): Oferta de emprego público. Un posto de educador/a familiar, un posto de Axente de Desenvolvemento Local. BOP de 04/01/11

OUTROS

Ministerio de Traballo e Inmigración: Real Decreto 1796/2010, de 30 de decembro, polo que se regulan as axencias de colocación. BOE 31/12/10

Ministerio de Traballo e Inmigración: Real Decreto 1675/2010, de 10 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade dictados na súa aplicación. BOE 31/12/10

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se convocan axudas para actividades de formación de adultos. DOG 05/01/11

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2011. DOG 05/01/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas. DOG 7/01/11

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se convoca e se regula o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior. DOG 07/01/11

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver accións de formación laboral que contribúan a incrementar a participación das persoas inmigrantes e retornadas no mundo laboral. DOG 12/01/11. Corrección no DOG 25/01/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública de subvencións para actividades de información, orientación e busca de emprego. DOG 14/01/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria. DOG 17/01/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria. DOG 17/01/11

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

Resolución pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións para o apoio ao emprendemento feminino (Programa Emega) e se procede á súa convocatoria. DOG 18/01/11

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2010-2011. DOG 18/01/11

Consellería de Cultura e Turismo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria. DOG 18/01/11

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se regulan as bases e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. DOG 19/01/11

Deputación de Ourense: Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2011. BOP 20/01/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria. DOG 21/01/11

Instituto Galego de Promoción Económica: Resolución pola que se procede á convocatoria das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, conforme as bases reguladoras aprobadas polo Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica o 1 de marzo de 2010 e modificadas polo dito Consello de Dirección o 15 de novembro de 2010, publicadas nos DOG do 20 de abril de 2010 e do 18 de xaneiro de 2011. DOG 21/01/11

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. DOG 24/01/11

Consellería de Cultura e Turismo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e a mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria. DOG 24/01/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para o mantemento e a promoción de actividades e programas na área de servizos sociais comunitarios e se procede á súa convocatoria. DOG 24/01/11. Corrección no DOG 27/01/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases que rexerán as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria. DOG 31/01/11